

ARTIGO APARECIDO NA REVISTA *Mondaricus* (Revista cultural das festas da Peña de Francia e San Roque de Mondariz), año 2021.

“EL RELOJ QUE TÚ CAMELAS”: RELOXOS MONUMENTAIS DO CONCELLO DE MONDARIZ

Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez

INTRODUCCIÓN

Mondariz, coma o resto de Galicia, garda, mellor dito, agocha unha serie de reloxos que polo seu tamaño chámanse “monumentais”, xa que a súa maquinaria chega a superar un metro de longo e pesar máis entre cen, os pequenos e achegarse aos oitocentos os maiores. Os expertos prefiren dicirles “de torre” porque normalmente residen nas torres das igrexas e concellos, onde algúns levan varios séculos durmidos. Son reliquias incipientes da industrialización ás que, ata agora, se lles prestou nula deferencia. Nun traballo que fixemos sobre as campás de Mondariz falamos moi superficialmente sobre eles, xa que teñen unha íntima relación con elas, pois un reloxo sen campá fica mudo e serve para ben pouco. Agora, afondaremos algo máis nas súas características.

Os reloxos de torre foron o relevo xeracional dos de sol pero coma eles tiveron o seu momento de gloria, seguida dunha morte case súbita e por tanto, en gran maneira, inesperada.

Os reloxos da caste que fosen, camiñan á par da nosa vida, lembrando continuamente que o seu monótono movemento nos achega máis á nosa condición de mortais pero neles por falta de espazo non hai moita cabida a expresión literarias que nos liguen desa maneira, agás brevísimos aforismos case sempre en latín que se poden aínda ver nas *faces* dos reloxos de sol e que nos fan reflexionar uns instantes sobre a nosa efémera existencia: “tempus fugit”, “docet umbra”, etc. Os monumentais, en cambio, ni tan sequera iso, xa que carecen de lugares para nos poder expresar dalgún xeito.

“EL RELOJ QUE TÚ CAMELAS”

Observando o reloxo monumental do Concello do Carballiño atopamos un poema escrito na lentella do péndulo, único lugar onde poder escribir uns poucos versos, e que nós serviron para darlle título a esta aportación sobre os reloxos monumentais:

“No pases por ver la hora
en el reloj de esta torre,
que el reloj que tú camelas
hace tiempo que no corre
y fuera mucho mejor
que vieras con impaciencia

que mis horas solo son
para contar tu existencia.”



(FOTO 1. NON ESTÁ NA CARPETA JPG) Poema escrito na lentella do péndulo do reloxio da torre do Concello do Carballiño e que nos inspirou este artigo, reloxio, que por certo, aínda está en marcha.

A IMPORTANCIA DUN RELOXO NO MUNDO RURAL

Vivimos as nosas vidas segundo o reloxio e por tanto todo o mundo sabe a hora exacta na que se atopa, ben porque a leva no pulso ou no teléfono móbil ou pode mirala nas rúas en moitos anuncios, escoitala nas radios, mirala nas televisións... pero houbo un tempo, non moi afastado, no que a inmensa maioría da xente estaba coa hora un bocado extraviada e andar dese xeito, as máis das veces, sobre todo no rural, carecía de importancia, agás cando chegaba o momento do rego, que era sagrado para quen lle correspondía na quenda.

Se en Galicia polos límites das nosas pequenas leiras a xente terminaba moitas as veces rifando ata chegar mesmamente ao xulgado, por non respectar a hora de rego sucedía outro tanto. Dicían as malas linguas que cando o abade de San Salvador de Maceira (Covelo) puxo novamente en marcha o reloxio na torre da súa igrexa, que levaba algúns anos estragado, os veciños decatábanse de que cando a el lle tocaba regar o tempo non pasaba, coidaban de que volvía cara atrás as agullas e que no canto dunha hora regaba dúas ou tres. E este sambenito persequiuno moito máis aló do seu finamento, pois había máis de

cincuenta anos que non durmía na súa casa cando chegaronnos co conto, ao que dimos creto, pero, non sabemos se como consecuencia do mesmo, na súa tumba, ao pé mesmo da torre dos seus desvelos, endexamais atopamos unha flor.


MONDARIZ E OS SEUS RELOXOS MONUMENTAIS

Son bastante máis dun cento os relos monumentais que temos visto por toda Galicia e agás unhas fotografías e uns poucos datos collidos a correr nos que testemuñamos as máis das veces o seu lamentable estado, pouco poderíamos engadir, malia iso, en Mondariz, atópanse algúns deles que, aínda que agora sen movemento, conservan as súas maquinarias completas polo que, en comparación con outros, os poderíamos cualificar de excelentes.

Das doce igrexas parroquias que ten o Concello de Mondariz tan só tres tiveron o seu reloxos monumental. Referímonos as de Santo André de Meiroil, Santa Baia de Mondariz e San Cibrán de Mouriscados. Ademais, debemos engadirle o existente no edificio da Entidade Local Menor de Queimadelos.

Algúns deles aínda os conseguimos ver en marcha hai algúns anos xa que se deben á derradeira etapa dos reloxos monumentais cando os eléctricos comezaban a mostrar as súas grandes avantaxes sobre eles. Tamén por ser dos últimos, conservan as súas maquinarias en bo estado, o que permite postas a punto relativamente sinxelas e de pouco custo. Tres proceden de Vitoria (Araba) e dun mesmo taller que foi variando o seu nome segundo pasaba o tempo, pois comezou como "LECEA Y MURUA", seguiu como "HIJOS DE IGNACIO MURUA" e rematou como "VIUDA DE MURUA", mentres que o cuarto veu de Roquetas (Tarragona) e concretamente dos "TALLERES CRONOS".

Outra características que os iguala é que os tres que se atopan nas igrexas teñen as súas maquinarias acougando sobre os coros das mesmas e non nas espadanas ou torres.



(FOTO 2) Vista frontal do reloxos de torre da igrexa de San Cibrán de Mouriscados, protexido por urna de cristal. Así deberían estar todos en todas partes.

AVANTAXES MOITAS, PERO TAMÉN INCONVENIENTES

Ninguén dubida de que foi un grande avance a substitución dos reloxos de sol polos mecánicos pero as obrigas que estes trouxeron aparelladas: subir a torre para darlles corda, arranxos continuos ben por adiantar ou retrasar, engraxe permanente das partes móbiles, atopar persoal adecuado para as avarías, etc. fixeron que a chegada dos eléctricos rematase con eles de socate. Para os párrocos foi coma unha liberación, así que: moitas das máquinas pararon un día e onde estaban, quedaron. Así debería ser, pero non foi en moitos casos e non foi porque os que instalaban os eléctricos levaron a maquinaria dos vellos coa escusa de que ocupaban espazo, de que nunca máis andarían e de que, en suma, se trataba tan só de lixo, pura chatarra.

Ninguén pediu nunca que os puxeran novamente en marcha pero si que se conservase a súa maquinaria e que, como acontece en outros moitos lugares, se puidesen ver e admirar, unha vez limpos, enteiros e presentables, protexidos nunha caixa transparente.

OS CATRO RELOXOS: UN POR UN

Non imos a entrar en valoracións de cal dos catro que temos é o mellor que deixamos á decisión dos mondarizáns, unha vez que destaquemos as súas características máis salientables.



(FOTO 3) Fachada da igrexa de Santo André de Meiról amosando a esfera horaria orixinal do seu reloxo de torre.

1 - CARACTERÍSTICAS DO MONUMENTAL DE MEIROL

* **Estado actual:** parado.

* **Reloxeiro:** "TALLERES CRONOS" de Roquetas (Tarragona).

* **Ano de fabricación:** 1966 cando era abade D. Lourenzo Acevedo.

* **Características principais:** ao ser un reloxo dos últimos que se fixeron xa veu de fábrica cun motor eléctrico incorporado que levantaba as pesas cando as cordas acadaban un determinado desenvolvemento, ademais remonta por cadeas e non por cordas, sendo o máis pequeno dos que atopamos en Mondariz.

* **Sonería:** tocaba as horas e medias mediante martelo na campá maior.

* **Esferas horarias:** unha, na fachada principal, orientada cara ao poñente onde estaban os núcleos habitados.

* **Estado de conservación:** ben conservado.


Nota 1. O lugar no que asenta a maquinaria serve de almacén para outras moitas cousas.

Nota 2. Petaba sobre a campá maior, fundida en 1966 por Fernando Villanueva Sáenz, en Villanueva de la Serena (Badaxoz), pois aínda conserva o martelo de ferro co que se daban as horas e as medias.

Nota 3. A data, 1966, coincide coa do reloxo da E. L. M. de Queimadelos.



(FOTO 4) Reloxo de Meiról, en primeiro termo a manivela para subir as pesas a man e o motor eléctrico (á dereita) que o facía dun xeito automático.



(FOTO 5) Detalle da esfera horaria para poñelo en hora co nome do fabricante "TALLERES CRONOS/ ROQUETAS (TARRAGONA)".



(FOTO 6) Lentella do péndulo cos iniciais CT (Talleres Cronos) e as letras "R" e "A" de retraso e adianto, segundo apertemos ou afloremos a rosca que vai baixo a lentella.



(Foto 7) Fachada de Santa Baia de Mondariz coa esfera do seu reloxo monumental.

2 - CARACTERÍSTICAS DO MONUMENTAL DE MONDARIZ

- * **Estado actual:** parado.
- * **Reloxeiro:** "LECEA Y MURUA" en Vitoria (Araba).
- * **Ano de fabricación:** 1930 (aproximadamente), sendo o máis vello dos catro.
- * **Características principais:** necesita de corda cada semana.
- * **Sonería:** horas e medias.
- * **Esferas exteriores:** unha, na fachada principal, orientada cara á poñente.
- * **Estado de conservación:** boa.

Nota 1. O mazo golpeaba sobre a campá maior da torre feita por Manuel Pellón en San Breixo de Arcos (Ponteareas) en 1882.

Nota 2. Atopamos reloxos iguais a este nas igrexas de San Paio de Alxén (Salvaterra de Miño) e Santa María do Porriño. O desta última é do ano 1930 (temos copia do contrato co reloxeiro que o instalou) por iso adxudicámoslle ao de Santa Baia unha data aproximada ao de Porriño.



(FOTO 8) Reloxo de Santa Baia de Mondariz inspeccionado polo reloxeiro ponteareán José Higinio Suárez Garra, experto en reloxos monumentais.



(FOTO 9) Lentella do péndulo coa marca "LECEA Y MRUA – VITORIA".




(FOTO 10) Fachada da igrexa de San Cibrán de Mouriscados amosando a esfera do seu reloxio e a campá por riba da espadana.

3 - CARACTERÍSTICAS DO MONUMENTAL DE MOURISCADOS

- * **Estado actual:** parado.
- * **Reloxeiro:** "H^{os} de I^{cio} Murua" (Hijos de Ignacio Murua) en Vitoria (Araba).
- * **Ano de fabricación:** 1961 (Marcado na bancada en letras douradas).
- * **Características principais:** necesita corda cada oito días.
- * **Sonería:** horas e medias.
- * **Esferas exteriores:** unha, orientada cara ao poñente.
- * **Estado de conservación:** ben conservado, xa que se atopa dentro dunha urna de cristal que o protexe do po.

Nota. O reloxio marcaba as horas nunha campá que se alza por riba da espadana pendurando dunha estrutura metálica. A campá fixérase por Murua en Vitoria á par do reloxio.



(Foto 11) En este reloxo todo brilla, sen dúbida o mellor conservado.



(FOTO 12) Esfera para poñelo en hora co nome do fabricante.



(FOTO 13) Entidade Local Menor de Queimadelos amosando a esfera horaria do reloxo posta por "PAGÁN" de Vigo e a campá onde se daban as horas protexida por un paraugas metálico.

4 – CARACTERÍSTICAS DO MONUMENTAL DE QUEIMADELOS

- * **Estado actual:** parado.
 - * **Reloxeiro:** "VDA. DE MURUA", en Vitoria.
 - * **Ano de fabricación:** 1966 (igual co de Meiol, polo tanto é dos máis modernos).
 - * **Características principais.** Electrificado posteriormente.
 - * **Sonería:** horas e medias.
 - * **Esferas exteriores:** dúas: Nas esferas lese "PAGÁN - VIGO", que foi o reloxeiro que instalou o reloxo eléctrico e cambiou a esfera e as agullas por estar estragadas.
 - * **Estado de conservación:** ben conservado.
- Nota.** Na actualidade foi substituído por un electrónico.



(FOTO 14) Vista frontal da maquinaria do reloxo da E. L. M. de Queimadelos.



(FOTO 15) Detalle da esfera horaria para poñer a hora onde aparece o nome do fabricante: "VDA DE MURUA".

BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ. 2014. *O que contaron as campás de Mondariz*. Edita Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE). 116 páx. Mos.